

# TABOA REIVINDICATIVA

## PLATAFORMA PARA A DEFENSA DAS FRAGAS DO EUME

A Plataforma para a defensa das Fragas do Eume esixe a aplicación das seguintes medidas por parte da Xunta de Galicia.

1º.-Investigación exhaustiva das causas que provocaron o incendio e das actuacións levadas a cabo na prevención e extinción do mesmo tomando medidas de depuración de responsabilidades políticas.

2º.-Adopción inmediata de medidas e accións conducentes a minimizar e paliar no posible os efectos do incendio no ecosistema do Parque Natural (monte, río e ría).

a.-Evaluación dos impactos medioambientais e económicos causados polo incendio e posterior erosión.

B.-Inicio do proceso de rexeneración da zona afectada.

3º.-Adopción de medidas políticas e administrativas para que ninguén se beneficie de xeito directo ou indirecto das consecuencias do incendio.

4º.-Aumento de recursos materiais e humanos (beneficiando na medida do posible aos propietarios e veciños do parque) para a prevención e extinción do lume nas Fragas do Eume. Recuperación do posto de vixianza no Parque.

5º.-A elaboración urxente e inmediata do obrigado Plan Rector de Usos e Xestión do Parque, así como o programa forestal coa súa correspondente dotación económica, consensados cos propietarios, organizacións ecolóxicas e outros colectivos.

6º.-Realización das xestións necesarias para rematar co conflito social existente entre os propietarios e a Xunta desde a creación do parque.

7º.-Que se garanta en todo momento o caudal ecolóxico do Río Eume e afluentes.

8º.-Dotacións económicas específicas nos orzamentos da Xunta de Galicia de partidas destinadas para a protección e posta en valor dos espazos protexidos, nomeadamente o Parque Natural das Fragas do Eume.

9º.-A retirada da Lei de Montes en trámite parlamentaria por non apostar pola diversificación dos usos do monte e sí pola entrega do mesmo aos monopolios da madeira e o fomento do monocultivo (fundamentalmente do eucalipto).

10º.-Modificación da política do lume. Máis prevención menos extinción.

**ACCION DA PLATAFORMA PARA A DEFENSA DAS FRAGAS DO EUME**  
**04/04/2012**

Lugar: Centro de interpretación do Parque Natural das Fragas do Eume

Hora: 13,00 h

Acción:

-Presentación diante do Director do Parque dun grupo de voluntarios para prestarse a **colaborar coa administración e os propietarios** nas labores inmediatas conducentes a minimizar e paliar no posible os efectos do incendio no ecosistema do Parque Natural (monte, río e ría).

-Entrega ao Director do Parque a Taboa reivindicativa da Plataforma para a defensa das Fragas do Eume.